



Bueu

Moción do Bng sobre a baixada ao 10% o IVE dos Salóns de peiteado, estética e barberías.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

O sector paga neste momento as consecuencias dunha decisión inxusta. No ano 2012, en plena crise económica, o goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy, aprobou unha suba do IVE ao 21% para algunhas actividades que tributaban ao 8%; de modo que, os salóns de peiteado, estética e barberías, tiveron que facer fronte a un incremento de 13 puntos dun día para outro.

Debido precisamente á baixada do consumo naquel momento de inestabilidade económica o sector decidiu manter os prezos estábeis, isto é, non trasladaron a suba á clientela, pois tal e como prometera daquela o Goberno de Rajoy, a suba do IVE neste sector ía ser temporal. Outras actividades viron cumprido o compromiso e xa teñen de novo o IVE en 10%, mais os salóns de peiteado, barberías e estética continúan a padecer o tipo máis alto do imposto.

Máis de oito anos despois o sector, ao igual que toda a sociedade, está a vivir outra profunda crise económica derivada da COVID19. As restricións horarias, as limitacións á mobilidade, a redución dos aforos, e a minguada capacidade adquisitiva de usuarios e usuarias, fan que manter as portas abertas sexa un desafío todos os días.

A pesar de que durante o máis duro do confinamento, en pleno Estado de alarma, os salóns de peiteado foron consideradas unha actividade esencial e seguiron abertas dando un servizo público, non encontraron nos Gobernos a axuda que necesitaban, e viron denegada a única medida que reclamaban de forma urxente para poder seguir abrindo todos os días: a baixada do IVE a 10%. Efectivamente, as perruqueiras e perruqueiros cumpren unha importante función social, pois, ademais da estética, encárganse de atender as necesidades de moitas persoas dependentes ou de avanzada idade para as que o lavado de cabelo e peiteado non é vaidade, é hixiene. É de xustiza porque, para alén do máis, non repercutiría negativamente na recadación na medida en que esta baixada do IVE serviría de axuda directa e permitiría manter abertos moitos negocios que, doutro modo, van verse na obriga de pechar -como xa pasara na anterior crise- ou pasar á economía somerxida no servizo a domicilio e que, por tanto, deixarían de pagar impostos, mentres que a baixada permitirá que sigan contribuíndo á Facenda pública.

O BNG no Congreso a través do seu representante Néstor Rego tras non conseguir introduci-lo nas súas enmendas aos orzamentos do Estado, e despois de varias reunións con representantes do sector, decidiu levar a demanda de baixar o tipo impositivo dos salóns de peiteado, barbería e estética do 21% actual a 10% a través dunha proposición non de lei.

Unha vila como Bueu non é allea a toda a realidade dun sector tan esencial que da traballo a moita xente, e que supón unha porta habitual de incorporación da mocidade ao mercado laboral. Ademais trátase dun sector que expande a acción do comercio local tanto no centro como nas diferentes parroquias e lugares da nosa vila que contan case que con cadanseu establecemento, con cerca de vinte comercios adicados á cuestións de perrucaría e estética. A crise do mesmo supón entón un duro golpe ao noso tecido económico.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **acordos:**

1. Instar ao goberno do estado a baixar o tipo impositivo do IVE dos salóns de peiteado, estética e barberías do 21% actual ata o 10%.
2. Remitir o presente acordo á Presidencia do Goberno do Estado.